

**Discurso pronunciado por D. Luis Suárez-Llanos Gómez
no Hostal dos Reis Católicos con motivo da xuntanza
da primeira e da segunda promoción da
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC
Santiago de Compostela, 31 de maio de 2008**

LUIS SUÁREZ-LLANOS GÓMEZ
Universidade de Santiago de Compostela

Querido “delegado de primeiro curso” e hoxe, porén, presidente da Xunta de Galicia.

Queridos vellos e antigos alumnos de hai tantos anos e hoxe, porén, honrados cidadáns.

Jorge Sales, un dos organizadores desta comida, pedíume que vos dirixira unhas palabras, e como pensaba que tería lugar á hora da sobremesa, e para evitar que este encargo maléfico me impedira facer a dixestión, decidín traer por escrito unhas cuartillas para que así, ao lelas, resultara máis doado e máis sa tanto a dixestión coma a improvisación.

Unha comida esta organizada ao calor do corenta aniversario –para ser exacto– de finalizar o seu primeiro curso a primeira promoción da Facultade de Políticas, Económicas e Comerciais. E a verdade é que en lugar de ser eu o invitado –cosa que non sabedes canto vos agradezo–, estou seguro de que, se estivese entre nós, o que debería estar hoxe aquí debería ser o querido Carlos Otero Díaz, porque el foi quen vos aguantou –á primeira e á segunda promoción– como decano-comisario da Facultade; porque eu non empecei a exercer como decano ata o voso paso do ecuador aínda que, iso si, eu tamén tiven ao meu cargo a primeira promoción no segundo ano da súa licenciatura e, naturalmente, as seguintes promocións, pero só para poñer nos seus oídos e nas súas mentes –nos vosos oídos e nas vosas mentes– as delicias do Dereito Mercantil e, máis concretamente, as sublimes cuestións das sociedades mercantís e da letra de cambio.

Hai unhas cantas semanas celebrouse na Facultade, cun descoñecido despregamento publicitario, un acto conmemorativo deste corenta aniversario, e por expresa invitación de Maite Cancelo –a decana– tiven a oportunidade de dirixirme aos asistentes rememorando unhas datas e uns acontecementos sobre os que todos tíñamos “apancados” uns comúns recordos e uns sentimentos tamén comúns de nostalxia, de cariño e ata, porque non dicilo, de superados malhumores e dalgún que outro cabreo. Moitos de vós estabades presentes e tivestes a oportunidade de oírme. E hoxe teño a sensación de que aquelas lembranzas produciron un certo efecto, porque a verdade é que aos que asististes se vos quentou a boca e enseguida comezas-

tes a comentar a necesidade de planificar unha reunión de todos os afectados polo aniversario para sentarvos de novo arredor dunhas mesas, volver xantar xuntos e tamén xuntos volver intercambiar recordos e revivir por uns momentos pasadas experiencias. Prefiro pensar, como vos digo, que isto sucedeu porque eu espertei os vosos ánimos e non porque o viño na cafetería da Facultade ou no xantar posterior no hotel NH provocara as vosas ganas, como digo, de volver xantar.

Estades aquí, digo, porque hai corenta anos nacía a Facultade, unha Facultade que nacía “libre”. Explícome, unha Facultade “nacida libre” porque o facía, se quedes, “deixada da man de Deus”, isto é, “sen edificio e sen profesorado”. Porque non vaiades pensar outra cousa ideoloxicamente perversa! Poderíase desexar algo mellor para un centro docente que estaba chamado a albergar centos de alumnos para impartir, daquela, unha licenciatura e un pouquiño doutra? Pois parece que si, porque aos que estabamos alí naqueles momentos se nos deu por levar a contraria a esta circunstancia e empeñámonos en conseguir unhas instalacións e un nutrido corpo de profesores. E cando menos ben que o intentamos! Porque conseguimos catro instalacións, catro distintas ao longo dos seus primeiros cinco anos de funcionamento: as aulas do vello edificio “central” da Universidade, o pavillón tamén central do Burgo das Nacións, as aulas do novo edificio da Facultade de Farmacia e, por fin, o pazo de Fonseca. Non menciono o quinto emprazamento –o definitivo– porque con el non se contou ata case dez anos despois da creación da Facultade e, polo tanto, a súa ocupación superou o paso das cinco primeiras promocións, xa que foi a sexta promoción a que puido saborear ao finalizar os seus estudos os meles das súas instalacións. Ben, a sexta promoción e algúns membros das anteriores, pero polo desexo dalgúns deses membros de abundar nos coñecementos da Econometría. E tampouco non se poden esquecer os esforzos despregados para conseguir, por vías diferentes ás “oficiais”, a contratación do profesorado, con resultados desiguais, pois ás veces tamén había que proceder á “descontratación”. Todos lembrades a maioría dos seus nomes. E agora preguntome: cantas primeiras promocións doutras facultades coñecedes que puideran gozar duns comezos tan estimulantes?

Porque quero pensar que malia todo o sucedido, malia todo o bo e todo o menos bo co que vos puidestes tropezar, malia as moitas incertezas, desgustos e desacougos iniciais –creo que hoxe superados aínda que só fora polo transcurso dos anos–, estou seguro de que moitos de vós conservaredes na vosa memoria bastantes bos recordos, bastantes boas actitudes persoais e mesmo algunha que outra información das moitas que vos foron facilitadas e ás que, se cadra, algunha vez na vosa vida teríades que recorrer para resolver ou para empeorar algunha situación. Eu non sei se “a función da utilidade marxinal decrecente” ou “o problema do custo social” ou “as contradicións entre as novas relacións de produción e a antiga superestrutura xurídico-política” –ou algunha modalidade desta superestrutura como, sen ir máis lonxe, “a acción cambiaría de regreso, naturalmente en vía executiva, contra o avalista do primeiro endosante dunha letra de cambio xirada coa cláusula sen gastos”–,

eu non sei, digo, se vos servirían para resolver ou para empeorar algunha cosa, pero seguro que no peor dos casos vos servirían para soltar unha gargallada e liberar deste modo algún maléfico estrés.

Pensastes, ademais, outra cosa? Pensastes –e agora falo un pouco máis en serio– que, se cadra, estas singulares carencias serviron para poñervos a proba e para exercitar o inconformismo que viñades xerando desde meses atrás ante arcaicas estruturas, dando pé a un movemento universitario contrario a esas estruturas e motivador de parcelas cada vez máis consistentes de liberdade nos ámbitos cultural, académico e político? Eu lembraba na miña intervención de hai varias semanas que a Facultade iniciara a súa andaina no contexto que eclosionou no maio do 68, con destacados protagonismos, por certo, dalgúns membros da vosa primeira promoción –e sen ánimo de sinalar co dedo, mencionaría, entre outros, a Emilio Pérez Touriño, a Marisa Melón, a Federico Ordax, a Arturo Reguera ou a Benedicto García–, e dicía que se vira impregnada dese espírito inconformista reinante que, co paso do tempo, se vería favorecido non só por moitos contidos das ciencias sociais particulares que eran obxecto do voso estudo senón tamén pola actitude cívica e intelectual de moitos profesores que, a medida que a Facultade ía avanzando, se ían incorporando ás súas tarefas.

Dicía naquela miña intervención que non se podía entender o desenvolvemento da Facultade nos seus primeiros anos sen esta particular pegada que, evidentemente, ía supoñer para ela o feito de ser cualificada de “roxa” e de insumisa á orde académica, e de que non tería explicación noutra causa o feito de que unha parte moi importante da clase dirixente política galega dos nosos días, dun signo e do outro, tivera na Facultade o seu lugar de formación e de experimentación. E tamén sen ánimo de sinalar, podería citar entre os máis coñecidos a Xosé Manuel Beiras e a Juan Ramón Quintás, entre os de orixe profesoral, e entre os daquela alumnos e despois tamén profesores, a Emilio Pérez Touriño, Fernando González Laxe, Dolores Villarino, José Ramón Fernández Antonio, Abel Caballero, Camilo Nogueira, Álvarez Corbacho, Ceferino Díaz e, naturalmente, outros máis. Total..., case nada.

Tomando unha feliz reflexión que lle escoitei hai días a un colega da Universidade, parece que do tránsito do *Gaudeamus Igitur* ao *Venceremos Nós* –e refírome ao expresivo título dunha exposición que tivo lugar hai pouco no pazo de Fonseca– pasamos nestes últimos corenta anos do *Venceremos Nós* ao *Que din os rumorosos* e tamén, para regresar nalgúns casos de novo, ao *Gaudeamus*. E é bo que isto ocorrera. Polo pronto, é bo para os que efectuaron ese percorrido, pero tamén para os que non o fixeron e preferiron deixarse de músicas, quedar tranquilos por non saber a letra completa de cada un deses himnos e gozar do paso dos anos en harmonía co mundo circundante.

Hoxe estades aquí unha boa representación dos actores daqueles momentos, cada un coa súa particular maleta de sentimentos e de recordos e con importantes bagaxes de traxectorias profesionais ás vosas costas. A verdade é que para quen vos viu antes e tamén vos ve agora parece que o tempo transcorreu nun santiamén. Cla-

ro que estamos todos corenta anos máis vellos! Cómpre recoñecelo por máis que nos pese, pero iso afecta máis á carrozaría que ao disco duro que levamos dentro, que aínda ten uns cantos *bits* para seguir funcionando e para seguir amolando.

E falando de *bits* e de amoladuras, eu vou bloquear agora os que aínda me quedan vivos para non prolongar máis este encordio que vos estou dando. E ídesme permitir que para finalizar propoña un brindado –se tivera unha copa na miña man a levaría– por todos vós, polos vosos recordos, polos vosos logros e tamén polos vosos pequenos fracasos; en definitiva, polo que sodes. E tamén para que, aproveitando a ocasión, exprese o desexo de que dentro doutros 10?, 20?, 40? anos nos volvamos reunir para seguir contándonos as nosas penas e as nosas alegrías. Se para entón, claro, aínda aguanta a nosa carrozaría.

Moitas felicidades a todos.